

Convocatoria de Asemblea Xeral ordinaria 2025

Benquerida/o socia/o,

Compráceme convocarte á Asemblea Xeral ordinaria da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL).

- 🕒 Día: **sábado 15 de marzo** de 2025
- 🕒 Hora da primeira convocatoria: **10.00 h**
- 🕒 Hora da segunda convocatoria: **10.30 h**
- 🕒 Lugar: [Espazo Apego](#) (rúa República do Salvador, 12, 15701 Santiago de Compostela)

Orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior
2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas
3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión
4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas
5. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio
6. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio
7. Rolda aberta de intervencións

Documentación para a Asemblea

Para que poidas preparar mellor as túas achegas e propostas e así facermos entre todas e todos una asemblea máis áxil, dinámica, participativa e produtiva, **unha semana antes da asemblea terás ao teu dispor no web a documentación necesaria.**

Antes diso, e tamén antes da asemblea, podes **remitirnos** ao enderezo info@ctnl.gal todas as **ideas e propostas** que teñas e que creas que a CTNL pode desenvolver, para así incluírmolas no informe de propostas de acción. Así e todo, lembra que sempre podes facer propostas e suxestións directamente durante a asemblea.



Actividades paralelas

Xantar de confraternidade lingüística

O mesmo día da Asemblea da CTNL teremos un xantar aberto para socios/as e non socios/as, no cal nos gustaría moito contar coa túa participación.

- 🕒 Lugar: Restaurante [O Dezaseis](#)
- 🕒 Hora: **14.15 h**
- 🕒 Menú:

Entrantes: lacón á feira con queixo Galmeán

Ensalada con ventrecha de bonito

Salteado de verduras e rulo de cabra

Segundo prato a escoller entre:

Bacallau con mollo de pemento de piquillo ou Segredo de porco á grella con redución de viño
Mencia

Sobremesa variada da casa

D.O. Ribeiro/D.O. Ribeira Sacra (dúas copas de viño por persoa)

Auga e café

- 🕒 Prezo: **33 euros**

🕒 Confirmación: agradecemosche que **confirmes** a túa asistencia ao xantar e indiques o segundo prato o máis axiña posible e, en todo caso, até o **10 de marzo**, no enderezo **info@ctnl.gal** ou no teléfono **629571950**.

Paseo lingüístico sobre as orixes da lingua

[Compostela e as orixes da lingua](#) é un paseo lingüístico que ofrece unha andaina sobre as orixes de Santiago de Compostela e a súa relación coa lingua galega.

Durante dúas horas e facendo doce paradas poderase descubrir como naceu o galego e aspectos relevantes en canto ao léxico, á pronuncia, ao status social... A ruta comeza na praza da Pescadería Vella, remata na de San Fiz de Solovio e apóiase en diferentes recursos para facilitar a contextualización e a audición.

Repartirán radioguías para facilitar a audición polo que nos recomendan que levemos auriculares propios.

- 🕒 Lugar: Praza da Pescadería Vella
- 🕒 Hora: 17.00 h
- 🕒 Duración: aprox. 2 horas
- 🕒 Confirmación: agradecemosche que **confirmes** a túa asistencia